


**PRESENTACIÓN**

**Ledicia Costas**  
conversará con  
**Javier Pintor**

**Mércores,  
19 de xaneiro  
19:30 h**

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE



**Somos o que  
LEAMOS**

Encontros coa literatura contemporánea  
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

**Entrada libre**

# PRESENTACIÓN

Mércores 19 de xaneiro | 9:30 h  
Fundación Luis Seoane

**LEDICIA COSTAS** (Vigo, 1979) é unha das escritoras máis recoñecidas da literatura galega. Na colección Narrativa de Xerais publicou os relatos de *Un animal chamado néboa* (2015), Premio Losada Diéguez, e as novelas *Infamia* (2019) e *Golpes de luz* (2021). Tamén é autora de diversas novelas de fronteira, como *O corazón de Xúpiter* (Xerais 2012), Premio Neira Vilas; *Recinto Gris* (Xerais 2014); *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* (Xerais 2016), Premio Lazarillo, Premio Gala do Libro Galego e The White Ravens; ou *A balada dos unicornios* (Xerais 2018), obra coa que gañou por segunda vez o Lazarillo, así como o Premio Kelvin 505 á mellor novela xuvenil orixinal de 2019. En 2014 recibiu o Premio Merlín e o Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Escarlatina, a cociñeira defunta* (Xerais 2014). É autora doutros títulos como *Esmeraldina, a pequena defunta* (Xerais 2016) ou *A señorita Bubble* (Xerais 2018), Premio Gala do Libro Galego. Os seus últimos libros publicados son *Conexión Macarrón* (Xerais 2019), *Vampira de biblioteca* (Xerais 2020), *A señorita Bubble baixo cero* (Xerais 2020), así como os títulos da serie *Os Minimortos: Benvidos ao Outro Barrio* (Xerais 2020), *Criando malvas* (Xerais 2021), *Escola de salvaxes* (Xerais 2021) e *O Día dos Vivos* (Xerais 2021). En 2021 foi recoñecida co Premio da Cultura Galega.

## **Golpes de luz** (Xerais, 2021)

Xulia é xornalista e acaba de separarse, polo que regresa a Galicia co seu fillo Sebas. O rapaz ten dez anos e está convencido de que a avoa Luz é o deus Thor porque nunca se separa do seu martelo. Malia que agoche polvoróns nas medias, beba Sansón ata ver dobre e diga mentiras sen parar, Sebas adora a súa avoa. Xulia non opina o mesmo. Para ela, volver á casa familiar supón enfrontarse a un pasado cheo de segredos que precisa desvelar. O narcotráfico na Galicia dos anos noventa, o mundo dos coidados e a procura da verdade envolven este melodrama, salvaxe e tenro, habitado por uns personaxes inesquecibles.